
AS PESCADORAS

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de NADIA MENOTTI

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

MENCIÓN DO XURADO DO VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

As pescadoras (galego)

ISBN 978-84-8464-283-1. MareMar.

Las pescadoras (castelán)

ISBN 978-84-8464-282-4. Libros para soñar.

Había unha vez tres mulleres que desde moi novas traballaban no mar. Unha recollía algas, outra mariscaba e a terceira pescaba desde a súa barquiña. Cada día achegábanse á praia e alí pasaban a xornada faenando sobre a auga e a areia, baixo os ardentes raios do sol...

“As pescadoras” é unha adaptación dun conto tradicional da India que destaca polo seu poder evocador dos sentidos a través da descrición de lugares, sons, aromas...

Chama moito a atención a fermosa e delicada proposta plástica, a base de minuciosas escenografías con pequenas figuras: personaxes, obxectos e adornos elaborados con madeira, cartón, aramios ou elementos téxtiles, entre outros materiais.

As protagonistas son sorprendidas por unha forte tormenta e atopan acubillo na casa dunha hospitalaria florista.

Alí descubren que, ante o intenso olor a flores da habitación onde esta lles ofrece repouso, prefiren descansar ulindo a redes, peixes, algas e salitre.

Así, o relato presenta o concepto do relativo: que cheira mellor, as flores ou o pescado? Expón tamén o carácter subxectivo de determinadas convencións, costumes ou usos culturais. Ademais, alude a situacións que teñen que ver co esforzo no traballo, a solidariedade ante as adversidades ou a capacidade creativa das persoas para solucionar os problemas que xorden.



-
- **Temática:** a visión relativa que temos das cousas.
 - **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
 - **Aspectos destacables:** adaptación dun conto tradicional da India; traballos, oficios; solidariedade, hospitalidade; escenografías con figuras de distintos materiais; mención do VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.
-

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou contos tradicionais como "O coelliño branco", "O traxe novo do rei", "Tío Lobo", "Os tres osos", "Os tres porquiños" e "Os sete cabritos" (KALANDRAKA), ademais de traducir ao castelán a antoloxía "Fernando Pessoa: selección poética" (FAKTORÍA K, 3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2015).

Nadia Menotti

(Bos Aires, 1978)

Estudou Deseño Gráfico na Universidade de Bos Aires, ampliando a súa formación con talleres de ilustración en Arxentina e Europa. Impartiu clases de Deseño e Comunicación na UBA. Actualmente realiza un traballo de investigación sobre "Tipografía e lectura en condicións de dislexia". Na súa faceta creativa, produciu obra fotográfica, instalacións e exposicións. Como ilustradora, foi seleccionada para a I Bienal Nacional de Deseño da Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da UBA e o Salón de Honra da Lexislatura Porteña. Por "As pescadoras" recibiu unha mención do VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.

<http://nadiamenotti.tumblr.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
